

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Asociación Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que IGAXES é unha entidade sen ánimo de lucro, que nace en 2001 co obxectivo principal de loitar contra a pobreza e a exclusión social, ofrecendo servizos especializados, asesoramento e apoio e servindo de punto de unión para as familias que, segundo os seus estatutos, ten os seguintes fins:



- a) A planificación das actuacións máis axeitadas para a promoción e desenvolvemento do Terceiro Sector galego (Fundacións, Asociacións e outras entidades non lucrativas no senso establecido no artigo 35 do Código Civil).
- b) Promove-la creación e coordinación de servizos axeitados para a promoción das entidades do terceiro sector galego e a prestación de servizos integrais, tales como: formación básica e especializada, captación de recursos, xestión de calidade, promoción do voluntariado, tutela xurídica, deseño e presentación de programas, recursos humanos, márketing social, informática e novas tecnoloxías, ámbito laboral e fiscal, ou calquera outro que en función das circunstancias sexa demandado por estas entidades.
- c) O deseño, supervisión e execución directa de programas dirixidos a atención a colectivos en risco de exclusión social ou desamparo, especialmente no eido da infancia e xuventude e das persoas maiores, e das problemáticas relacionadas con eses colectivos: prevención e tratamento do consumo de sustancias aditivas, saúde mental, formación, orientación laboral, lecer, acceso a vivenda ou recurso para a vida independente, etc.
- d) O deseño, supervisión e execución directa de programas de cooperación e desenvolvemento especialmente en países iberoamericanos, así como o deseño, supervisión e execución directa de programas dirixidos a emigrantes galegos retornados.
- e) Relaciona-la Asociación con outras organizacións con fins similares no Estado Español, Unión Europea ou outros Estados coa finalidade de buscar experiencias e coñecementos contrastados e dar a coñece-lo espírito e realidade asociativa do noso país.
- f) O deseño, supervisión e execución directa de programas dirixidos á muller especialmente aqueles que procuren unha inserción laboral plena e en situación de igualdade de oportunidades, aqueles que traballen con mulleres en risco de exclusión ou mulleres vítimas de violencia de xénero e con especial



atención a aqueles programas dirixidos o recoñecemento da muller rural e que ofrezan saídas profesionais remuneradas, prestando especial atención ó autoemprego.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

